



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Cebro Barreiro, Sabela
González Santamaría, Pedro
Fernández Alvarado, Hadrián
Fernández Fernández, Federico A.
Martínez Martín, M^a José
Zas Varela, Mónica
Fernández Iglesias, Manuel
Pena Uris, Gloria M.
DESCULPA ASISTENCIA
Alonso Vega, María Flora

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 17 de xuño de dous mil catorce, convocada para as 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:30 horas en segunda nas salas de videoconferencia dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

O día **17 de xuño de 2014**, ás 11:06 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Toma en consideración, se procede, da petición presentada por varios estudantes no que solicitan a repetición do proceso electoral ou a renuncia do Reitor de proseguir co seu mandato.
2. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Toma en consideración, se procede, da petición presentada por varios estudantes no que solicitan a repetición do proceso electoral ou a renuncia do Reitor de proseguir co seu mandato.

Abre a sesión o presidente da Comisión Electoral e informa que, ao igual que se fixo na última xuntanza desta Comisión, procederase a gravar a sesión. Pregunta se alguén ten inconveniente. Ningún dos participantes se opón.

O presidente dá a benvida no nome do Reitor e no seu propio aos novos membros da Comisión, agradecéndolles o seu compromiso e dedicación para formar parte deste órgano colexiado.

Previamente a abordar o punto primeiro da orde do día, o presidente presenta unha cuestión de orde. Expón que o Prof. Mejuto Fernández ten interposto un recurso no Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo, contra o Acordo da Comisión Electoral do 20 de marzo de 2014, sobre a elaboración da papeleta de votación das eleccións a Reitor (procedemento de dereitos fundamentais 98/2014).

Estando pendente de resolución da apelación presentada polo devandito profesor e outros demandantes polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o presidente lembra a aplicabilidade do artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se indica que o persoal ao servizo das administracións públicas que puidera ter interese persoal no asunto do que se trate ou noutro en cuxa resolución puidera influír á de aquel (...) ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado, absteranse de intervir no procedemento e o

comunicarán ao seu superior inmediato, que resolverá o que proceda. Considerando que o proceso garda relación directa coa toma en consideración da petición presentada polos alumnos e que se trata neste punto e que á Presidencia non lle consta a comunicación por parte do Prof. Mejuto Fernández desta situación, o presidente pregunta ao Prof. Mejuto Fernández se vai absterse de intervir na deliberación e resolución deste punto, lembrándolle que a non abstención podería dar lugar a responsabilidades.

O Prof. Mejuto Fernández comunica que absterase na votación final, pero que considera que a súa reclamación é diferente da presentada polos alumnos, xa que facía referencia ao tipo de papeleta que se empregou no proceso electoral, mentres que neste caso a reclamación presentada garda relación con que o Reitor non acadou un número de votos favorable superior ao 50% dos emitidos. Considera que, dado que se vai tratar da repetición do proceso electoral e a renuncia como Reitor, o presidente da Comisión, como vicerreitor nomeado polo Reitor, e a Secretaria Xeral, deberían absterse do debate, coas mesmas posibilidades de incorrer nas mesmas responsabilidades. Entende o profesor Mejuto que todos poderían participar nas deliberacións, pero deberían absterse na votación.

Informa o presidente que a secretaria xeral participa da Comisión Electoral con voz pero sen voto, polo que non cómpre a súa abstención. Mantén o Prof. Mejuto a súa postura de que o presidente debe absterse, xa que o escrito dos alumnos solicita a revogación do Reitor.

O presidente dá lectura a un parágrafo do escrito presentado polos alumnos: *“Por elo solicitan, a repetición do proceso electoral coa posibilidade de votar en sentido negativo”* e, no seu caso, non considera que deba absterse, lembrándolle ao profesor Mejuto que é a súa responsabilidade decidir ou non a súa abstención e reitera a pregunta a prol da súa abstención ao Prof. Mejuto Fernández, solicitando que conste na acta a pregunta e a resposta. O profesor confirma a súa abstención na votación, e solicita que conste en acta á recusación ao Sr. vicerreitor por ser parte do tema a debater e solicita que se hai algún outro membro da Comisión que está de acordo o exprese. O vicerreitor aclara que non considera que deba absterse, xa que mesmo no caso de repetirse o proceso electoral seguiría a ser presidente en funcións ata o nomeamento dos novos membros da Comisión.

O presidente da Comisión solicita ao estudante Sr. Hadrián Fernández Alvarado a súa abstención por formar parte dos asinantes da petición presentada, que se vai a tratar no punto primeiro da orde do día e que, por tanto, ten un interese persoal no mesmo. Matiza o presidente que, non formando parte do persoal ao servizo da Universidade de Vigo, non está suxeito á obriga legal de absterse, pero, na súa opinión, existen responsabilidades éticas asociadas a ser xuíz e parte nun proceso. Solicita da secretaria da Comisión Electoral que reflecta na acta tanto a súa intervención como a resposta do Sr. Fernández Alvarado. O Sr. Fernández Alvarado responde que non se vai a abster.

O Prof. Mejuto solicita ao presidente que pregunte se alguén máis dos presentes opina que o vicerreitor deba absterse na votación. Feita a pregunta, tan só o Sr. Fernández Alvarado apoia esta postura. O presidente da Comisión solicita que conste en acta que o Sr. Fernández Alvarado, sendo un dos asinantes do escrito sobre o cal vaise deliberar e habendo confirmado que non se ía abster na votación, opina que o vicerreitor si debe absterse.

Resolta a cuestión de orde, o presidente da Comisión inicia o punto 1 da orde do día, facendo un breve resumo do proceso electoral e das reclamacións, dado que moitos membros da Comisión Electoral acábanse de incorporar á mesma.

O proceso de elección a Reitor ou Reitora da Universidade de Vigo iniciouse coa solicitude do Reitor ao presidente da Comisión Electoral para que comezara os trámites para o desenvolvemento do devandito proceso. A Comisión Electoral, na sesión do día 23 de Xaneiro de 2014, aprobou o calendario correspondente. Polo que, o proceso comezou o día 3 de Febreiro de 2014 coa proclamación dos censos provisionais e concluíu o día 14 de abril coa proclamación definitiva de resultados. Posteriormente, a Xunta de Galicia nomeou Reitor ao candidato electo mediante o decreto 47/2014, de 24 de abril, así nomca Reitor Magnífico da Universidade de Vigo ao profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia.

Durante aquel proceso electoral, xa concluído, a Comisión Electoral interveu de oficio e cando foi requirida para cumprir co seu mandato estatutario (Art. 53 dos Estatutos da Universidade de Vigo) que é “resolver os problemas e dúbidas que se poidan presentar en calquera elección”.

O día 2 de maio de 2014, unha vez que todo o proceso electoral estaba completado, presentouse unha petición asinada por varios estudantes na que solicitan a repetición do proceso electoral (**Anexo I**). Insiste o presidente da Comisión que, polo tanto, non existía ningún proceso electoral aberto que requirise a intervención da Comisión Electoral para “resolver os problemas e dúbidas que se poidan presentar”. Lembra ademais que segundo os artigos 35 e 36 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a competencia de instar a convocatoria de maneira extraordinaria eleccións a Reitor ou Reitora é do Claustro Universitario. Resume o presidente que, polo tanto, as persoas asinantes da petición solicitan, de maneira extemporánea, unha actuación da Comisión Electoral (repetir un proceso electoral xa completado, ou o que é o mesmo, instar a convocatoria extraordinaria eleccións a Reitor ou Reitora) cuxa competencia hai outras instancias.

Como consecuencia do anterior, a Presidencia propón dar resposta á petición presentada nos termos seguintes:

A Comisión Electoral, na súa sesión do 17 de Xuño de 2014 e de acordo co previsto nos Estatutos da Universidade de Vigo, en relación á petición realizada por Dona Aroa Fabeiro Valladares e outros asinantes na que solicitan a repetición do proceso electoral, coa posibilidade de votar en sentido negativo,

ACORDA

Primeiro: Que segundo o artigo 53 dos Estatutos, a Comisión Electoral ten como cometido “resolver os problemas e dúbidas que se poidan presentar en calquera elección”.

Segundo: O proceso electoral ao que fai referencia o escrito de petición concluíu na Universidade de Vigo o día 14 de abril coa proclamación, por parte desta mesma Comisión Electoral, dos resultados definitivos do devandito proceso e o seu traslado á Xunta de Galicia

Terceiro: O Reitor foi nomeado por Decreto da Xunta de Galicia o día 24 de abril de 2014 (decreto 47/2014, polo que se nomea Reitor Magnífico de a Universidade de Vigo ao profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia).

Cuarto: Que de acordo cos artigos 35 e 36 dos Estatutos a competencia de instar a convocatoria de eleccións a Reitor ou Reitora de maneira extraordinaria reside no Claustro Universitario.

Por canto tense dito, aplicando os artigos 35, 36 e 53 dos estatutos, esta comisión declara non ser competente para atender a solicitude presentada.

Ábrese unha rolda de intervencións para que os membros da Comisión poidan facer comentarios e facer as apreciacións que consideren oportunas:

Toma a palabra o profesor D. Pedro González Santamaría, quen lamenta o intento de presión por parte dalgúns membros da comunidade universitaria sobre o libre exercicio dos membros da Comisión, en ambos sentidos. Tamén lamenta o feito atípico de que o equipo de goberno elixido teña un apoio tan baixo que permita cuestionar a súa lexitimación, cuestión que na súa opinión debería ser solucionada dalgún xeito. Pon de manifesto a falta de concreción que a este respecto existe nas normativas, xa que a LOU esixe que exista votación incluso no caso de candidato único, mentres que non é o caso doutras comisións nos que non se produce eleccións cando o número de candidatos é igual ó de postos. Indica que non sabe porque se levaron a cabo as eleccións na Universidade, se non é como ratificación do Reitor e o seu equipo de Goberno. Facendo mención ao artigo 51 dos Estatutos da Uvigo, fai unha crítica á propia Comisión Electoral; considera que non clarificou suficientemente estes aspectos. Neste sentido, manifesta que o Reitor debería contar co apoio da maioría dos votos validamente emitidos, reitera que neste caso o número de votos en branco supera aos da candidatura.

Intervén a profesora Dna. Sabela Cebro Barreiro, quen indica que debería terse remitido o texto da proposta que realiza a Presidencia con anterioridade, para poder lelo con calma e poder facer críticas, emendas ou ratificalo. Solicita que en posteriores convocatorias se distribúa aos membros da Comisión calquera documentación necesaria, para que poida ser estudada previamente. Pregunta por que en base do artigo 53 a Comisión non é competente para resolver a solicitude e pide que realice unha aclaración ao respecto.

Toma a palabra o profesor D. Jorge Bravo Bernárdez, quen indica que non se vai entrar a analizar se os votos en branco son ou non votos en contra, xa que na actualidade a Universidade está pendente dunha sentenza xudicial que aclare as dúbidas xurdidas na comunidade universitaria en relación coa validez do sistema electoral. Considera, polo tanto, que non é procedente ese debate. O que lle parece relevante da cuestión presentada é se somos competentes na Comisión Electoral para resolver esta cuestión. Na súa opinión a Comisión non ten esa competencia, porque o proceso electoral xa está pechado. Formula que de ser así, en calquera momento de calquera mandato dun reitor, á iniciativa dun grupo de comunidade universitaria, a Comisión podería anular un resultado electoral que se axuste á legalidade vixente e convocar unhas novas eleccións. Na súa opinión, non debería terse convocada esta Comisión, xa que non se pode decidir nada.

Intervén o profesor Mejuto Fernández, protestando porque se ten furtado parte da documentación que tería que ter chegado aos membros da Comisión. No anexo I da convocatoria faise chegar o recurso presentado por D. Horacio Villar Suárez e a resposta que deu a Comisión Electoral (**Anexo II**), pero non se achega un voto particular emitido por dona Mónica Valderrama Santomé, membro da anterior Comisión Electoral. Opina que hai un defecto de forma en canto á convocatoria, xa que podería ser relevante para a toma de decisións. Tamén indica que o ditame da Asesoría Xurídica que se axunta alegando que o tema está subiúdice, sen aportar máis documentación a ese respecto. Tampouco se inclúe o recurso presentado por distintos profesores da Universidade, na mesma liña que a de Horacio

Villar, que considera necesario para que a Comisión poda tomar a súa decisión en calquera sentido. O feito de non distribuír a devandita información é considerado, cando menos, sospeitoso, indica. Reitera o Prof. Mejuto que no proceso electoral furtouse a posibilidade de elixir á comunidade universitaria, polo que contra esa elección cabe recurso. A Comisión Electoral proclamou a Salustiano Mato reitor; e os alumnos presentan un escrito, aínda que sexa fóra de prazo, pero ao que se lle debe dar resposta, polo que afirma que si é pertinente esta convocatoria da Comisión.

Continúa a súa intervención cuestionando a validez do resultado das eleccións, xa que o candidato non obtivo a maioría dos votos, expresa a súa desconformidade coa interpretación realizada do articulado dos Estatutos, poñendo exemplos de eleccións realizadas noutras universidades españolas con regulamentos similares aos nosos Estatutos. Destaca o artigo 405 do código Penal “*A la autoridad o funcionario público (destaca o profesor Mejuto o feito de que todos os membros da comisión o somos, excepto os estudantes), que, en el ejercicio de su competencia y a sabiendas de su ilegalidad, propusiere, nombrare o diere posesión para el ejercicio de un determinado cargo público o cualquier persona sin que concurren los requisitos legalmente establecidos para ello [acota o prf. Mejuto, é dicir, que os votos favorables superen o 50%.]», será castigado con la pena de multa y suspensión de empleo o cargo público*”

Expresa que, dado que o reitor obtivo o 54,3% dos votos e iso non cumpre o artigo 51 dos Estatutos, a Comisión Electoral non debeu proclamalo candidato electo. Considera que os alumnos teñen razón ao reclamar e a Comisión deberá pensar que decisión toma. Indica que a súa intervención a achegará para que conste en acta **Anexo (III)**. Recalca que aínda que se absterá na votación, a candidatura de Salustiano Mato debe decaer; que a Comisión debe anular a súa decisión de nomealo Reitor; que os alumnos teñen razón; e que a súa reclamación está en prazo. Manifesta que debe convidarse ao reitor en funcións a que convoque un novo proceso electoral.

Finalizada a intervención do profesor Mejuto e trala incorporación á xuntanza da Comisión de algúns membros, tanto na sede de Ourense como en Vigo, o presidente explica en que punto se atopa a reunión e procede a ler novamente a proposta presentada; e propón unha rolda de intervencións para os que se incorporaron.

Toma a palabra D. Federico Fernández, quen desculpa a tardanza e intervén porque estaba presente na Comisión anterior. Indica que este é un tema recorrente, que na anterior Comisión xa se deu resposta, que esta foi acaída, e que xa un xuíz decidirá se é correcta ou non. Expón que no seu momento todas as reclamacións foron atendidas e que a que agora se presenta está fora de lugar, dado o momento no que se encontra o proceso. Suxire que, aproveitando que posiblemente se modifiquen os Estatutos, podería regularse máis especificamente os puntos que puideran dar lugar a diferentes interpretacións. Na súa opinión, a solicitude dos alumnos non debe ser atendida por extemporánea.

Intervén Beatriz Vaquero, manifestando que está de acordo co escrito que se presenta dende a Presidencia. Na súa opinión, esta Comisión non é competente para esixir a repetición do proceso electoral. Explica a razón do seu voto no momento en que se fixo na Comisión Electoral. Indica que pode considerarse as eleccións como un referendo a un único candidato nas institucións nas que existen restricións extremas para a presentación de candidaturas. Pero nesta institución non é así, xa que existen moitos candidatos que poderían presentarse, tanto dende o grupo Alternativa Universitaria como dende os grupos críticos, polo que a súa valoración é que cando os que están capacitados para presentarse desisten de facelo, non lle

parece desexable unha opción de voto que pode deixar á universidade sen posibilidade de ter un goberno lexitimamente constituído. Coincide co anterior interveniente en que si se retoman os Estatutos se modifiquen estes puntos, e solicita que se elimine completamente a opción de votar si ou non, dado que existe a opción de múltiples candidatos débese utilizar.

A continuación pasa a o presidente da Comisión Electoral a responder ás intervencións dos membros da Comisión.

Con respecto da intervención do profesor Pedro González, agradécelle a opinión e a valoración política porque enriquece, pero destaca que o que cómpre resolver na Comisión Electoral é se procede ou non unha solicitude que se lle realiza á Comisión. Puntualiza que os votos ás candidaturas validamente emitidos está nunha lei de orde superior (a LOU), que regula as eleccións a reitor e o define como un proceso electoral, e segundo a lexislación española diferéncianse eleccións entre candidatos e referendos. En ningún proceso electoral, independentemente do número de candidatos, nunca se vota “si ou non” cando se trata de sufraxio universal. Polo tanto, a decisión tomada non se debe ás interpretacións dos artigos 51 ou 57, senón pola normativa de rango superior.

Responde o presidente á intervención de Dna. Sabela Cebro, desculpando que non se achegara o texto, pero dado que era moi sinxelo, sen gran argumentación xurídica, non o considerou necesario. Xa que, simplemente, se trata de recoñecer que a Comisión non é competente para convocar eleccións, porque que segundo os Estatutos, as súas competencias son tan só resolver problemas e dúbidas durante un proceso electoral, e por iso é unha convocatoria paritaria.

Con respecto da intervención do profesor D. Jorge Bravo, recoñece que en efecto estamos pendentes dunha decisión xudicial, pero que si considera necesario dar unha resposta cando se realiza unha solicitude a un órgano colexiado da universidade e máis se ven avalado con 350 sinaturas, e esa é a razón pola cal convocou a Comisión.

Responde ao profesor D. Juan Carlos Mejuto indicando que xa coñecemos o seu punto de vista, porque ten un recurso presentado ante o TSXG. Fai unha consideración ao respecto do sucedido na Universidade do País Vasco, indicando que a lexislación foi cambiada no ano 2012, polo que os actuais Estatutos xa non consideran o voto negativo.

Tras un cruce de intervencións co profesor Mejuto, respecto das condicións sociais no País Vasco, responde o presidente ao expresado por D. Federico Fernández na súa intervención, coincidindo en que na elaboración duns novos Estatutos sería conveniente tratar de xeito adecuado estas situacións creadas. De tódolos xeitos, insiste en que agora mesmo hai outros foros na Universidade para discutir estes temas, que son os competentes e teñen a representación adecuada. Repite que a Comisión é competente só para resolver dúbidas nun proceso electoral aberto e nestes momentos non hai ningún aberto.

O profesor D. Juan Carlos Mejuto intervéñ para facer unha puntualización, lembrándolle ao presidente da Comisión unha sentenza do 2013 do Tribunal Supremo, que declara que cada universidade pode regular o sistema propio electoral.

Responde o presidente que coñece a sentenza e que no seu momento a analizaron detidamente, e que detalla que o que pode regular a universidade é o procedemento (se é o Claustro ou por sufraxio universal) e a ponderación de candidaturas. Explica que as eleccións a decanos e a directores de departamento non se fan por sufraxio universal, senón dentro dun órgano colexiado, e a LOU en dous artigos dá liberdade a que as universidades a regulen. Pero, por contrapartida, no artigo 20 da LOU especifica claramente que será elixido reitor o

que logre máis da metade dos votos a candidaturas validamente emitidos, sendo esta a referencia que fai o “agás” do artigo 52 dos Estatutos. A salvagarda de legalidade a fai a LOU, non a fai a Universidade.

Dada a evidente falta de acordo entre as posicións defendidas na Comisión, propón a votación a man alzada do texto proposto. O presidente declara a súa abstención.

Votos a favor: 6 votos

Votos en contra: 3 votos

Abstencións: 2

Punto 2. Rolda libre de intervencións.

Pregunta o profesor Mejuto como facer chegar a súa intervención para que conste na acta; se lle indica que pode presentala no rexistro do Campus de Ourense.


O Sr. Federico Fernández solicita que para as próximas eleccións se aclaren as nomenclaturas referentes aos PAS nos distintos centros, para solucionar algúns problemas acaecidos nalgúns centros en anteriores procesos electorais (especialmente nas escolas de Enxeñaría Industrial e de Minas). Propón que se unifiquen os criterios das nomenclaturas segundo aparecen recollidas nas RPT do PAS.

O profesor D. Pedro González declara o seu respecto pola decisión da Comisión, pero indica que o problema de fondo é o escaso apoio ao equipo reitoral nas elección e segue sen resolverse. Polo que, solicita que a Comisión traslade ao órgano correspondente que na normativa se teña en conta esta situación, para que non se poida repetir.

Responde o presidente que esta Comisión non é unha comisión de control do executivo, pero que existen outros foros de representación de canalización das opinións da comunidade universitaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:59 horas do día 17 de xuño de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Gloria Mª Pena Uris